



RECENSIÓN

LOPEZ LARROSA, SILVIA. (2009). LA RELACIÓN FAMILIA-ESCUELA. GUÍA PRÁCTICA PARA PROFESIONALES. MADRID: CCS.

Alfonso Barca Lozano
Universidade da Coruña

En outubro de 2010 celebráronse na Facultade de Educación da Universidade da Coruña unhas Xornadas de reflexión e debate sobre a Educación organizadas pola FEAE (Federación Europea de Administradores da Educación) na que se trataron, entre outros temas, *o futuro próximo, a curto e medio prazo, da actual escola no noso país*. Persoalmente tocábame a min desenvolver entre 15/20 minutos este aspecto no medio dun panel de colegas ponentes e, entre outros puntos, dixeran que na escola próxima terán que ser as familias do alumnado as que afronten o reto necesario dunha maior implicación nas tarefas escolares e educativas, conxuntas co profesorado, e non enfrente o mesmo, as que deberán desenvolver os país dos alumnos e alumnas, tarefas importantes e imprescindibles para acadar unha melloría neste noso “denostado” sistema educativo, tan criticado por todos e tan pouco considerado por unha boa cantidade de xente da nosa sociedade actual. Polo menos, pensaba eu, este parece ser un panorama non moi

alentador xa que do tema educativo todo mundo entende e todo mundo fala... e parece ter unha solución particular.

Persoalmente, non teño nada en contra desta maneira de proceder, tan só paréceme unha banalización o que se fai, a miúdo, cando todos, parece ser, temos as nosas solución aos problemas educativos, pero que non se chegan nunca a levar a bon porto todas aquelas ideas, suxerencias, opinións, pensamentos e accións que todos os interesados nestes temas, profesionais ou profanos, e todas as familias que teñen fillos en idades escolares, parece que temos sobre o feito educativo.

A min paréceme que, efectivamente, un dos aspectos clave na educación básica e secundaria dun país está nas mans, no pensamento, nas accións e colaboracións das familias dos nosos alumnos e alumnas. É verdade, parece ser un feito irrefutable. O que ocorre é que, se ben as familias, os país e as nais, os avós... esta-

Correspondencia:

barca@udc.es

mos de acordo en opinión, pensamento e en ideas, sen embargo as accións e os compromisos cos fillos e cos profesores non acompañan ás ideas e aos pensamentos. Quizáis ahí está o eixo deste tema que non acaba de resolverse satisfactoriamente.

E seguimos pensando que as colaboracións familiares son imprescindibles para mellorar a calidade educativa nas nosas escolas. ¿A dónde quero chegar, se o que quero é escribir unhas ideas en relación co excelente libro que toca estes temas e que publicou a autora, profesora Silvia López Larrosa, hai pouco tempo?. Pois ben, quero ir na dirección que tomei ao inicio deste escrito que fago a modo de recensión. Penso que este libro --*La relación familia-escuela*-- aborda o núcleo importante da relación/colaboración da familia coa escola dun xeito moi acertado, concreto e pragmático, profundo..., eu diría maxistral. A profesora da Universidade da Coruña, Silvia López, acerta plenamente na orientación e o contido do libro de referencia que agora comentarei brevemente, un libro breve pero, como dicía, profundo, libro dos chamados de “bolsillo”, pero moi ben pensado para ser unha moi boa axuda e, efectivamente, para ser unha “guía” que orienta para mellorar esas relacións familia-mestres, fa mili-escola. non sempre entendidas e comprendidas no seu xusto medio.

Hai no capítulo primeiro e introductorio un bo tratamento daqueles aspectos clave que tiveron lugar ao longo do tempo nas relación das familias coa educación, rematando cunha reflexión que a autora recolle de autores como Kainz e Aikens no sentido en que deberá ser a escola a que teña sempre en conta a diversidade cultural e social das familias dos alumnos para mellor comprendelas. Hai un capítulo 2 no que Silvia propónse conceptualizar a familia desde a óptica de que se trata dunha realidade social cambiante e, polo tanto, adáptase e flexibilízase. O enfoque que adpta a autora é sistémico polo que da pé a considerar a fami-

lia como un sistema no que todas as pezas e elementos configuran un todo intra-implicado y extra-implicado de modo que todos os elementos que lle afectan están necesariamente relacionados, non só engadidos, senón interactuando... o que fai que se considere á familia como un todo organizado, “*considerandoa como un engranaxe, facendo que todas as pezas funcionen.*” como sinala a autora. Por eso ten moito sentido enfocar o tema como desde a perspectiva do cambio e as consecuencias psicolóxicas, sociais e educativas que o tratamento do *cambio* aporta á conducta.

Excelentes, polo plantexamento que fai a autora, me parecen os capítulos 3 e 4 que tratan dos canles de comunicación entre a familia e a escola e os encontros dos pais coas actividades grupales. A súa lectura fíxome lembrar e aprender que os principais canles de comunicación teñen varias dimensións como a formal/informal, a amplitude, os motivos, tamén que poden ser os devanditos canles inmediatos ou diferidos, orais ou escritos..., en todo caso o que fai a autora é proporcionar suxerencias e orientacións para facilitar a interacción e o intercambio entre a familia e a escola. Por eso, particularmente interesante parécese o capítulo 5 da *entrevista coas familias* de modo que, efectivamente, trátase de crear un marco de relación positivo entre o profesorado, a dirección dos centros e as familias.

A partir de aquí, a profesora Silvia López entra nos temas máis importantes que deben tratar as entrevistas e, penso, que se centra no esencial: na sinalización de estratexias positivas que deben utilizarse, evitando todo o que posiblemente interfere negativamente no curso dunha entrevista entre profesores e pais de alumnos, como poden ser o dar consellos..., tratar de interpretar conductas, converter as entrevistas en monólogos..., desafiar ideas dos pais, etc. Remata o libro dando unhas pautas e liñas sobre cómo podemos afrontar os problemas de aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe, con necesidades educativas

especiais e con exemplos de entrevistas. En resumo, eu diría que se trata de unha obra moi recomendable para todos aquelas persoas interesadas na educación e, especialmente, para profesores que con certa frecuencia poden ter que abordar e resolver algúns temas semellantes coas familias do seu alumnado.

Quero, finalmente, felicitar á autora polo enfoque teórico-conceptual e práctico que dá

a este libro, polos contidos do mesmo, por saber transmitir dun xeito plenamente organizado, instructivo e guieiro, priorizando os temas relevantes, así como, tamén, polas bondades que presenta para todo o conxunto dos educadores, quenes están sempre en interacción coas familias dos nenos e nenas, así como dos demais xoves que necesitan as atencións necesarias. Por todo isto é recomendable a súa lectura.